

## Xadrez

Á dereita presentación das xornadas de xadrez en Ourense. Abaixo, o Grande Mestre e vixente campión de España, o ourensán Iván Salgado.



# Iván Salgado

## O Grande Mestre, en Ourense



Texto: MÓNICA G. BELLVER

Fotos: CEDIDAS  
Ourense

A mediados de xuño, na semana en que España estaba mobilizada polo comezo do mundial de fútbol, en Ourense apostaban polo xadrez, celebrando na cidade das Burgas as I Xornadas internacionais con

Iván Salgado, o xadrecista ourensán sete veces campión de España, que se desenvolveu en torno a un completo programa.

Ao longo de tres días, houbo conferencias; unha espectacular partida de exhibición cronometrada do campión de España ante o público; un "Match Internacional" da selección galega capitaneada por Iván Salgado ante a selección nacional de Portugal; unha exhibición de xadrez simultáneo do campión de España e os outros

medallistas nacionais ourensás; un cuadrilátero de 4 especialistas contra 60 afeccionados "ao mesmo tempo"; e un torneo de exhibición "relámpago" coa participación garantizada do vixente campión, o Grande Mestre que chegaba de Bulgaria expresamente para esta cita.

O acto inaugural das xornadas tiña lugar na mañá do 15 de xuño coa presenza do propio Iván Salgado, Marta Míguez (secretaría xeral para o Deporte), Mario Guede (concelleiro de Deportes de Ourense), Marisol Díaz (delegada da Xunta de Galicia en Ourense), Jesús Vázquez (alcalde de Ourense), Gaspar Pérez (presidente FEGAXA), Elías José González (presidente do Club Xadrez Ourense), colaboradores, organización, e os tres xoves medallistas nacionais ourensás da actualidade: Yudania Hernández (bronce nacional feminino), Xacobe Conde (prata nacional alevín) e Martín Gómez (bronce nacional infantil).

No acto, a secretaria xeral para o Deporte situou a Galicia e Ourense como "dous destinos de deporte e de xadrez porque son grandes representantes do xadrez

internacional".

Organizadas polo Club Xadrez Ourense do que Salgado forma parte este ano, coa colaboración da Federación Galega e co apoio do Consello Municipal de Deportes e da Secretaría Xeral para o Deporte, as xornadas abordaron o xadrez desde tres ópticas ben diferentes, pero que non deixan de ser tres caras da mesma realidade: a competición, a formación e a divulgación (a través da exhibición).

Tal como asegurou o propio alcalde de Ourense na inauguración, o xadrez é unha disciplina "fundamental para a formación intelectual e humana dos nosos rapaces". O deporte en xeral, tanto no plano físico, mental coma social, pero especialmente o xadrez, por tratarse dunha disciplina minoritaria con pouca relevancia nos medios de comunicación pero cun grande número de licenzas federativas en Galicia.

O propio Iván Salgado, indiscutible no quinteto titular da selección española nas competicións internacionais do máximo nivel, insistía na oportunidade de celebrar estas xornadas internacionais nun ano no que Galicia converte-

rase en capital do xadrez mundial coa celebración en novembro deste mesmo ano, do campionato do mundo para promesas en Santiago de Compostela. Unha proba máis do bo momento que está a vivir o xadrez na cidade de Ourense, que ademais do propio Iván, conta cos tres medallistas nacionais. "Ademais Galicia pode presumir de ter dous Grandes Mestres máis (máxima titulación internacional da FIDE-Federación Internacional de Xadrez), algo totalmente inusual, pois só un cento de persoas en todoo mundo posúen esta certificación", puntualizou Jesús Vázquez, aproveitando a oportunidade para destacar "unha disciplina moi importante para o desenvolvemento integral, pero tamén para poñer o foco sobre ela e que poidamos dotar a quen a practica dos mellores medios humanos, materiais e económicos".

Co desexo de que esta "sexa a primeira de moitas edicións ata o punto que dentro duns anos, en Ourense podamos dicir orgullosos que somos unha potencia", o alcalde de Ourense concluíu a súa intervención.



# Club Xadrez Ourense

## Quince anos de formación e xogo

*En novembro de 2003 nacía este club que ten unhas 250 licenzas federativas e que en agosto representará ao xadrez ourensán no campionato de España, con Iván Salgado no equipo*

Texto: MÓNICA G. BELLVER

Foto: CLUB XADREZ OURENSE  
Ourense

**M**oito cambiaron as cousas dende que Elías González Gil (Ourense, 1974) sendo un cativo, descubría con asombro que o seu pai pasaba horas cun amigo fraile concentrado nuns peculiares soldados sobre un taboleiro. Esa foi a semente que creceu nel ata converter o xadrez nunha paixón e nunha forma de vida, vendo como ao longo dos 25 anos que leva dando clases, este deporte aumentou en adeptos e nivel, mudando a forma de adestrar a aprender. “Cando eu empecei ía á biblioteca e lía todo o que atopaba, que non era moito, e agora grazas ás novas tecnoloxías, os ordenadores e Internet convertéronse en parte do material deportivo dun xogador de elite”, di.

Con 13 anos comezou a xogar ao xadrez na Asociación de Veciños de Barrocás abríndose para el un maravilloso mundo cheo de posibilidades e uns anos despois, con 19, enganchado de por vida a este deporte comezou a dar as primeiras clases. Como xogador, tivo resultados destacado pero é o seu traballo como profesor o que máis satisfacción lle

produce. “O que máis orgulloso me fai sentir é o conseguido cos rapaces, moitos nomes, moitos títulos nacionais, ter adestrado con Iván Salgado, 35 ouros autonómicos e 12 metais nacionais logrados por alumnos meus nestes anos...”, apunta Elías botando a ollada atrás para lembrar os

Deportivo Xadrez Ourense botaba a andar en novembro de 2003 cun único equipo, moi xove, na segunda división autonómica. Para o segundo ano reforzaron ese equipo e ascenderon a primeira e a partir de aí cada ano foi a mellor nos autonómicos, con presenza nos campionatos de Es-

subcampión e en agosto irá ao campionato de España de clubs. Para Elías, máis que os títulos o mesmo os números, o máis importante son os nomes da xente que sae de Ourense converténdose en todo un referente. De aí que o máis destacado deste equipo que vén de completar unha



inicios do que hoxe é un dos catro clubs de referencia en Galicia, en canto a resultados e licenzas con ao redor de 250 actualmente (das 4.500 que hai en toda Galicia de 100 clubs).

Dun xeito moi modesto, o Club

paña. O primeiro equipo consolidábase e viñan outros por abaixo, e hoxe, a estrutura é grande con once equipos en competición, un deles en división de honra que xa ten sido campión de liga e que este ano foi

O equipo do Xadrez Ourense que participará no campionato de España en agosto en Linares. Elías é o primeiro pola esquerda.

competitiva división de honra, é que contan con Iván Salgado (que reside en Bulgaria) para o nacional. “Para un club dunha cidade pequena como é Ourense, ter ao sete veces campión de España comandando o equipo é





# Xadrez



un luxo e unha honra, sobre todo porque ten ofertas doutros sitios”, asegura Elías, recoñecendo que Salgado é unha persoa moi humilde.

Ademais deste equipo que competirá a nivel nacional, no club ourensán teñen dous equipos en primeira, dous en segunda, cinco en cuarta e un cadete (con rapaces ata 16 anos), que leva dous anos seguidos sendo campión da Copa Galicia por clubs.

A cousa non queda aí e a maiores, teñen equipos de categoría infantil, alevín e benxamín (oito en total) que xogan en competicións de ámbito provincial unicamente. “Temos licenzas dende os 6 anos ata o máis veterano que pode ter algo máis de 60”, puntualiza Elías.

O crecemento do Xadrez Ourense foi exponencial e o nivel acadado era difícil de predecir nos seus comezos,

tendo nas súas filas varios medallistas nacionais a nivel individual. Deixando de lado a Iván, polos logros conseguidos só este ano destacan nomes como Yudania Hernández (tres veces campiona de España) e actual bronce nacional feminino; Martín Gómez Carreño, actual bronce nacional infantil individual que e setembro de 2017 estivo en Romanía no campionato de Europa; Xacobe Conde, actual subcampión de España alevín (sub 12). Son ademais os catro que xogaron a partida simultánea con Iván en La Molinera, no marco das xornadas internacionais de xadrez celebradas a mediados de xuño na cidade das Burgas. Tamén é de destacar Adrián Gómez Diéguez subcampión de España universitario e outros nomes como como Gabriel Roma, catro veces campión galego;

David Gómez, cinco,... “Este ano non conseguiron medalla pero os resultados noutras tempadas están aí”.

Non é doado chegar a este nivel, por iso é importante o labor dos dez técnicos titulados cos que contan no club e que imparten clases en 19 centros de ensino e en cinco concellos da provincia sobre unha base duns 300 rapaces. “Os que van destacando de cada unha desas sedes van pasando ao Centro de Tecnificación con doce grupos divididos en cinco niveis, máis outro á parte para os rapaces que compiten a nivel nacional con sesións de adestramento individual”, explica Elías destacando o traballo dos técnicos que máis carga teñen actualmente: Alba Rodríguez, que ademais de monitora de xadrez é seleccionadora provincial de fútbol once feminino; Graciela Gómez; An-

**Partida entre a selección galega e a portuguesa no marco das xornadas de xadrez celebradas a mediados de xuño en Ourense.**

geles Rodríguez que tamén é psicóloga deportiva; David Gómez; Yudania que traballa cos grupos *on line*; e o propio Elías que fai un pouco de todo, dende dar clase nos colexios ata grupos e sobre todo a nivel individual.

De cara ao futuro na provincia, este profesional do xadrez asegura que “hai que mirar pola estrutura, pola adaptación aos novos tempos” e que o traballo que están facendo especialmente cos nenos, clubs como Xadrez Verín ou Ben Cho Shey no Pereiro de Aguiar, falan da boa saúde deste deporte. Aínda que tamén advirte que “é necesario que se renove todo o ecosistema ou polo menos mantelo, e medrar nos centros de ensino e nos concellos, pero o máis importante é que haxa máis técnicos titulados e formados”.



**SEDINFO**

AV. ESPAÑA, 37, 1º IZQ. A4  
☎ 987 42 51 49 - Ponferrada  
Fax: 987 40 93 69  
e-mail: bierzo@sedinfo.es

**Guía Sedinfo en**  
**EL BIERZO Y VALDEORRAS**

**21ª**  
EDICIÓN

*Todos la conocemos, todos la consultamos*

- **FORMATO IMPRESO:** llega a 200.000 personas
- **FORMATO INTERNET:** [www.sedinfo.es](http://www.sedinfo.es)  
[www.sedinfo-elbierzo-laciana-valdeorras.es](http://www.sedinfo-elbierzo-laciana-valdeorras.es)
- **FORMATO MÓVIL:** [m.sedinfo.es](http://m.sedinfo.es)

*Accede con tu smartphone a la información actualizada de los anunciantes capturando los códigos QR que aparecen en los anuncios de la guía impresa.*



**Valdeorras 88.4 FM**

